

## ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA A MELLORA DO BENESTAR E A DIMINUCCIÓN DA PEGADA DE CARBONO MEDIANTE O USO DE MADEIRA

### REUNIDOS

Dunha parte, don Julio García Comesaña, Conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, segundo o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94) polo que se dispón o seu nomeamento, de acordo con o establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente.

Doutra parte, José González Vázquez, Conselleiro do Medio Rural segundo o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94) polo que se dispón o seu nomeamento, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e actuando así mesmo na súa condición de presidente da Axencia Galega da Industria Forestal, en virtude do establecido no artigo 12 do Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente ACORDO de colaboración e, na súa virtude

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** O Decreto 109/2022, do 16 de xuño, polo que se modifica o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece como unha entidades públicas instrumentais do sector público autonómico adscritas á Consellería do Medio Rural, a Axencia Galega da Industria Forestal (en diante XERA), á que lle corresponde o exercicio das competencias dispostas no Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos.

**Segundo.-** Que a XERA é unha axencia pública autonómica que, de acordo co Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, conta con personalidade xurídica propia e plena autonomía para a consecución dos seus fins e exercicio das súas competencias,





podendo para elo colaborar con outras institucións e entidades que persigan obxectivos coincidentes de acordo co principio de colaboración interadministrativa.

**Terceiro.-** A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, configura o Servizo Galego de Saúde (en diante SERGAS) como un organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

**Cuarto.-** Que a XERA ten como finalidade actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada á industria forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal, a definición e promoción de estratexias que logren unha convivencia saudable e sustentable entre o aproveitamento e a industrialización dos recursos naturais, co fin de conservar o patrimonio natural, a biodiversidade e o uso sustentable dos ditos recursos.

Ademais, un dos seus obxectivos primordiais é incentivar o deseño de produtos derivados do sector forestal, na procura de solucións estruturais verdes que contribúan co medio ambiente.

**Quinto.-** Que a XERA integra dentro da súa estrutura o Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira (CIS-Madeira) como centro especializado nos diferentes usos deste ben natural e que, entre outras actividades, desenvolve asistencia técnica, forma a profesionais no campo da construción e rehabilitación con madeira, e promove iniciativas de bioeconomía e deseño biofílico.

**Sexto.-** Que a Axenda de Impulso da Industria Forestal-Madeira (promovida pola XERA e desenvolvida en colaboración coa Universidade e as principais entidades e asociacións do sector) destaca que a madeira é renovable, sustentable e pódese utilizar, reutilizar e reciclar. Por iso, é unha materia prima clave para o modelo de transición de Europa cara a unha bioeconomía circular destinada a impulsar a competitividade global, fomentar o crecemento económico sustentable e a xeración de novos postos de traballo. Que entre as actuacións que prevé a Axenda de Impulso descríbese como prioritario o desenvolvemento dun "Programa de promoción do uso da madeira en construción" (dentro da ruta de mellora 4, "Competitividade, desenvolvemento e diversificación").

**Sétimo.-** Que o SERGAS ten por obxectivo a provisión dos servizos das prestacións de atención sanitaria individual de cobertura pública no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do marco básico de financiamento do Sistema Público de Saúde de Galicia, garantindo os dereitos sanitarios recoñecidos á cidadanía.

O SERGAS exerce o goberno, a dirección e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos; a través da Dirección Xeral de Recursos Económicos e ten atribuídas, entre outras, as competencias sobre a planificación, execución e control dos programas de investimentos relativos a obras,





instalacións e equipamentos dos centros asistenciais en coordinación coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

A Estratexia de Humanización da Asistencia sanitaria do SERGAS, dedica o seu Eixe 3 a "Espazos e servizos de apoio as persoas". As actuacións promovidas polo SERGAS enmárcanse nesta liña de actuación, favorecendo o desenvolvemento da bioeconomía e o benestar dos usuarios dos centros sanitarios, ao estar demostrado que o deseño biofílico e a utilización de madeira como elemento construtivo e decorativo incrementa a sensación individual de benestar.

**Oitavo.-** Que o SERGAS, ten necesidade de acometer obras de acondicionamento en diferentes áreas de saúde, especialmente nas áreas de Pediatría, así como en outras consultas e salas de espera en distintos centros.

Asemade, estase a introducir a madeira nas fachadas e como elemento estrutural nas obras de rehabilitación, reforma, ampliación e nova construción do SERGAS, logo de finalizar a reforma do PAC A Laracha, estanse tramitando os proxectos de execución de obras tales como; a ampliación e reforma do centro de saúde do Porriño, os novos centros de saúde de Moaña, Antas de Ulla e Abegondo, ou a construción do novo centro de saúde Novoa Santos en Ourense, que está a ser chamado unha das grandes obras de construción en altura con madeira.

**Noveno.-** A industria Forestal de Galicia é un sector estratéxico da economía galega, que mantén máis de 21.000 postos de traballo directos e que realiza unha actividade industrial que favorecer a xeración de rendas ás persoas propietarias de monte.

**Décimo.-** Que a construción con madeira, móstrase como un dos camiños que permiten combater o cambio climático, ao mesmo tempo que impulsa a xeración de valor na cadea monte industria. Así, as intervencións a desenvolver pretenden ter un dobre impacto, por unha banda a mellora do benestar das persoas usuarias dos centros sanitarios, e por outra unha mostra das bondades do uso da madeira como un material renovable, sustentable e reutilizable en locais públicos que son visitados por milleiros de persoas ao longo do ano.

Tendo en conta o anterior a XERA e o SERGAS manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura deste ACORDO con suxeición ás seguintes





## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O obxecto deste acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a XERA e o SERGAS para:

- a) Impulsar o benestar das persoas usuarias dos centros sanitarios creando unha contorna que favoreza a sensación obxectiva de benestar mediante a utilización de madeira.
- b) Incorporar sistemas construtivos que maximicen o uso de materiais de orixe biolóxica e reciclables nas obras públicas de ampliación, rehabilitación, reforma e nova creación co obxectivo de diminuír a pegada de carbono na edificación pública.

### Segunda.- Actuacións a desenvolver

Pola unha banda, a XERA comprométese a desenvolver as seguintes accións:

- 1) O CIS Madeira informará previamente, e con carácter facultativo, os pregos de prescricións técnicas particulares daquelas licitacións públicas nas obras de ampliación, rehabilitación, reforma e nova creación do SERGAS que incorporen madeira nas fachadas e con fins estruturais.
- 2) Prestar o asesoramento técnico en madeira ao longo da redacción dos proxectos básicos, dos proxectos de execución e da execución de obra que incorporen a madeira. Estas labores poderán alongarse durante a vida útil do edificio, como por exemplo e entre outras, respecto da percepción de usuarios e persoal sanitario, das tarefas de mantemento ou das condicións hixiénicas.
- 3) Realizar, para aquelas obras que así se estableza conxuntamente, a avaliación do ciclo de vida (LCA) e a incorporación da declaración ambiental do edificio (EBD) ou de determinados produtos (EPD).

Pola súa banda, o SERGAS comprométese a desenvolver as seguintes accións:

- 1) Fomentar o uso da madeira nas obras de ampliación, rehabilitación, reforma e nova creación. A tal fin, valorarase introducir nas licitacións públicas criterios de baremación que impulsen unha maior porcentaxe de uso da madeira.

Do mesmo xeito, poderanse incorporar requisitos ou exixencias funcionais que:

- Dean resposta a compromisos de carácter medioambiental, como, entre outros, limiares máximos de pegada de carbono dos materiais de madeira, debendo para o dito cálculo, incorporar as emisións de transporte desde a





orixe do material até os centros de transformación e dende o último destes centros até a obra de execución.

- Aseguren unha garantía na calidade dos materiais de madeira ou en prazos mínimos na súa perdurabilidade.
- 2) Favorecer a utilización da ferramenta de trazabilidade de orixe da madeira mediante tecnoloxía *blockchain* creada pola Xunta de Galicia (FORTRA), de uso público e gratuito, que asegure a xestión forestal sustentable (PEFC ou FSC) dos bosques dos que procede a madeira e aquelas outras marcas de garantía que así se desexen. Ademais, esta ferramenta incorpora o cálculo da pegada de carbono e o radio (en quilómetros) de proximidade.
  - 3) Permitir a XERA realizar unha difusión mediante as plataformas web, medios, RSS, documentación gráfica e audiovisual, artigos técnico-científicos, revistas especializadas, ou congresos daquelas actuacións ao abeiro deste ACORDO de colaboración tendo en consideración o disposto na cláusula novena.

Así mesmo, ambas partes coordinaranse na organización de visitas a pé de obra ou accións formativas dirixidas preferentemente a persoas prescritoras, técnicas ou instaladoras onde podan observarse "in situ" as técnicas constructivas en madeira utilizadas.

Asemade, desenvolverase calquera outra actuación que, sendo complementaria das anteriores, acorden a XERA e o SERGAS, a través da comisión de seguimento establecida ao efecto.

### **Terceira.- Financiamento**

Este acordo de colaboración non conleva gastos ni para a XERA nin para o SERGAS.

### **Cuarta.- Modificacións**

Sen prexuízo do previsto na cláusula segunda, a colaboración derivada deste acordo poderá ser obxecto de modificacións a través das correspondentes addendas por acordo unánime expreso das partes.

### **Quinta.- Vixencia**

O presente Acordo entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá 4 anos de vixencia, prorrogándose ata un máximo de 8 anos, sempre que a prórroga se adopte con anterioridade á finalización da súa vixencia.





### **Sexta.- Comisión mixta de seguimento**

Créase unha comisión mixta de seguimento para atender o adecuado desenvolvemento do acordo, que terá entre as súas funcións:

- Efectuar o seguimento no avance de cada actuación.
- Resolver as posibles dúbidas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento das cláusulas do acordo.

Esta comisión mixta de seguimento estará formada por catro representantes:

- Dúas persoas da XERA, nomeadas pola persoa titular da súa dirección.
- Dúas persoas do SERGAS, nomeadas pola persoa titular da súa dirección.

A comisión xuntarase, cando menos, unha vez ao ano para realizar unha revisión e seguimento das actuacións desenvolvidas, así como para acordar as seguintes accións a desenvolver.

### **Sétima.- Protección de datos**

A XERA e o SERGAS manifestan que coñecen e cumprirán a lexislación europea sobre protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento deste acordo, no marco do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e na súa normativa de desenvolvemento, en especial, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

A XERA e o SERGAS responsabilizaranse tamén de que a información se empregue de xeito que a protección dos datos individuais estea totalmente garantida, quedando todas as persoas que participen nas actuacións que se deriven do acordo sometidas á obriga de preservar o segredo estatístico, segundo o establecido nos artigos 24 ao 28 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

### **Oitava.- Réxime xurídico e resolución de conflitos**

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, polo que se rexerá polo establecido nas súas cláusulas, e no seu defecto, pola normativa xeral que lle sexa de aplicación, considerándose incluído dentro do ámbito de aplicación da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Para a resolución das discrepancias que se poidan producir será de aplicación o artigo 13 da Lei 16/2010, do 18 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro.





### **Novena.- Relacións laborais**

A subscrición deste acordo non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha á Axencia Galega da Industria Forestal, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste acordo.

### **Décima.- Publicidade**

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste acordo, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

En proba de conformidade, e para que conste aos efectos oportunos, asinan na data indicada pola sinatura dixital e a un só efecto.

O presidente da Axencia Galega  
da Industria Forestal

O presidente do Servizo Galego  
de Saúde

José González Vázquez

Julio García Comesaña

